

videográfica, inscritas en el registro administrativo correspondiente, que estén interesadas en comercializar material videográfico que ya esté doblado en euskara y aquellas otras interesadas en realizar el doblaje al euskara de material videográfico y llevar a cabo su comercialización. El objeto de la subvención podrán ser bien productos videográficos de lanzamiento comercial que sean novedad en el mercado, sólo en euskara, o simultáneamente con la versión castellana; bien productos videográficos ya existentes en el mercado en otra versión distinta al euskara; o bien productos videográficos ya existentes en euskara pero agotados en el mercado que se vayan a reeditar y/o productos todavía inexistentes en versión en euskara en formato vídeo que ya están doblados en euskara.

## 5. *Toponimia*

Dos resoluciones han de ser reseñadas en este apartado. La primera, dictada por el director de Relaciones Institucionales y Administración Local, lleva fecha de 12 de agosto y fue publicada en el número 172 del BOPV (de 10 de septiembre) y aprueba el cambio de denominación del municipio de Elvillar por Elvillar/Bilar.

La segunda, de 4 de diciembre (BOPV núm. 241, de 17 de diciembre) da publicidad de los nombres oficiales de los municipios de la Comunidad Autónoma.

## I.4. GALICIA

Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servizo de Normalización Lingüística  
do Concello de Redondela

### *Consellería da Presidencia e Administración Pública*

#### a) Desenvolvemento lexislativo

Decreto 299/1997, do 23 de outubro, polo que se determinan os nomes oficiais das parroquias pertencentes ós concellos de Campo Lameiro, O Covelo, Cuntis, Gondomar, Moraña, Nigrán, Valga e Vilagarcía de Arousa.

Como tódolos anteriores Decretos e Ordes que desenvolven a Lei

3/1983 de Normalización Lingüística, que dispón no seu artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega, este dispón a oficialidade das parroquias pertencentes a oito concellos da provincia de Pontevedra.

Orde do 11 de novembro de 1997 pola que se determinan os nomes oficiais dos topónimos que se relacionan, pertencentes ós concellos de Campo Lameiro, O Covelo, Cuntis, Gondomar, Moraña, Nigrán, Valga e Vilagarcía de Arousa (provincia de Pontevedra) (DOG núm. 224, do 19 de novembro de 1997).

Máis de setecentos topónimos menores pasan, mediante esta Orde, a recupera-la súa xenuína denominación, que nalgúns casos foran deturpados polos nomenclátoreos oficiais ata non teren ningunha semellanza co que as xentes coñecían.

Unha Disposición establece unha vacatio inmediata: entran en vigor ó día seguinte da súa publicación no DOG.

### *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

#### FOMENTO

Orde do 27 de xaneiro de 1998 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 1998).

Convócanse cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega, que se celebrarán nas localidades que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, segundo as solicitudes presentadas e a súa distribución xeográfica.

Poderán asistir a estes cursos tódalas persoas maiores de idade que o desexen, ben individualmente ou ben agrupadas por colectivos.

Para acceder ó curso de perfeccionamento é requisito indispensable ter aprobado ou validado o curso de iniciación.

O número de asistentes a cada curso será de 20 persoas como mínimo e de 35 como máximo. Os cursos terán unha duración de 75 horas e neles impartiranse os contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento.

Orde do 28 de xaneiro de 1998, pola que se regula a concesión de subvencións a empresas editoriais para edición de libros e materiais didácticos,

para niveis non universitarios, impresos en lingua galega (DOG núm. 35, do 20 de febreiro de 1998).

A orde vai dirixida ás editoriais legalmente constituídas como empresas privadas que elaboren material escolar incluíble no seu ámbito de aplicación.

Para os efectos da presente orde, terán a condición de suxeitos tódalas empresas privadas susceptibles de encadrarse no parágrafo precedente con independencia das clasificacións legais de carácter fiscal ou mercantil que supoña o emprego do termo «editorial».

A Consellería subvenciona os libros e o material didáctico que cumpran as seguintes condicións:

1. Estar correctamente escritos en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (Decreto de normativización).
2. Corresponder ós niveis de educación infantil primaria, secundaria obrigatoria, postobrigatoria (bacharelato, formación profesional, ciclos formativos), educación especial e educación permanente de adultos. Poderanse acoller tamén os libros destinados ó ensino especializado e ó non regrado.
3. Aterse ó disposto no Decreto 89/1993, do 19 de abril, e nas súas ordes de desenvolvemento, polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para o ensino de réxime xeral.
4. Publicarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 1998. Para estes efectos considérase data de publicación aquela na que se efectúe o rexistro de solicitude do número do depósito legal.

Orde do 28 de xaneiro de 1998 pola que se regula a concesión de subvencións a empresas privadas para accións de promoción da lingua galega (DOG núm. 42, do 3 de marzo de 1998).

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten o obxectivo de fomenta-lo uso da lingua galega nas actividades mercantís, comerciais e publicitarias, coa finalidade de cumpri-lo disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Por iso crese conveniente arbitralas medidas e os procedementos económicos-administrativos necesarios para concederlles subvencións a aquelas empresas privadas legalmente constituídas, que realicen actividades de promoción da lingua galega.

A contía de cada subvención non poderá supera-la cantidade de catro millóns de pesetas por acción solicitada. Non obstante, por proposta motivada da comisión de avaliación, poderase conceder subvencións en porcentaxes superiores ás anteriormente indicadas.

Os criterios de concesión preferente son os seguintes:

1. A galeguización en actuacións de carácter permanente.
2. A creación ou mantemento dun gabinete lingüístico.
3. A publicidade da empresa en calquera soporte ou medio.
4. A tradución de documentación, publicacións, etc.
5. A modificación, para a lingua galega, do nome comercial, as marcas colectivas e de garantía, de acordo co establecido na Lei 32/1988, do 10 de novembro, de marcas (BOE núm. 272, do 12 de novembro).
6. O ámbito que abrangue a actividade tanto cuantitativa como cualitativamente considerado.

Orde do 28 de xaneiro de 1998 pola que se regula a concesión de subvencións a xornais e revistas para a edición de suplementos didácticos (DOG núm. 42, do 3 de marzo de 1998).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística, no seu título IV, do uso do galego nos medios de comunicación establece que será obriga da Xunta de Galicia contribuír ó fomento do galego nos medios de comunicación, con medidas que potencien a produción editorial e a súa difusión.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación da presente orde, aínda que cumpran os requisitos esixidos no artigo precedente, os suplementos editados por xornais ou revistas institucionais e aqueles suplementos que non teñan como fin principal a difusión didáctica da lingua galega.

Considéranse criterios preferentes de concesión da subvención:

1. A aqueles proxectos presentados por empresas xornalísticas que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.
2. A periodicidade da publicación.
3. A tiraxe de exemplares e maila súa difusión.
4. O arraigamento social do suplemento como vehículo de promoción lingüística.
5. O contido didáctico promocional do suplemento.

Orde do 28 de xaneiro de 1998 pola que se regula a concesión de subvencións ás asociacións e institucións sen fin de lucro e entidades análogas para a realización de actividades de promoción da lingua galega (DOG núm. 3 de marzo de 1998)

A presente orde vai dirixida ás institucións sen fin de lucro legalmente constituídas e entidades análogas, agás as dependentes de entidades locais, as asociacións de pais de alumnos, os movementos de renovacións pedagóxica e as diferentes agrupacións das entidades antes citada.

Subvencionaranse as actividades obxecto da presente orde que empreguen correctamente o galego como lingua oficial, segundo o disposto na lexislación vixente, e que teñan como fin principal a difusión e promoción da lingua galega. Estas actividades deberán realizarse entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de outubro de 1998.

Os criterios de concesión son:

1. O ámbito que abranga a actividade tanto cuantitativa como cualitativamente considerado.
2. A súa relación cos eidos lingüístico-cultural da realidade galega durante o prazo de vixencia desta orde.
3. A perdurabilidade no tempo dos resultados que se pretenden obter coas actuacións propostas.
4. A viabilidade do proxecto.

Orde do 13 de febreiro de 1998 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de catorce bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, e anúnciase a súa convocatoria (DOG núm. 46, do 9 de marzo de 1998).

Dentro do plan de actividades da Consellería de Educación e ordenación Universitaria para 1998 figura a convocatoria pública de bolsas de investigación para realizar proxectos concretos sobre lingüística, literatura, antropoloxía e historia galegas, no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.

O concurso ten por obxecto a adxudicación de catorce bolsas de colaboración nos proxectos concretos de investigación, que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro. Unha destas bolsas ten como finalidade colaborar no proxecto de construción dun sintetizador texto-fala en galego.

Orde do 27 de febreiro de 1998 pola que se anuncian cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega para galegos residentes no exterior e persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia (DOG núm. 62, do 1 de abril de 1998).

A Lei 4/1983, de recoñecemento da galegitude, dispón que se lles debe facilitar ás comunidades galegas a organización de cursos de lingua e cultura galega.

Poderán asistir a estes cursos os galegos residentes no exterior e os seus descendentes, os membros dos citados centros e asociacións, e outras persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia.

O número de asistentes a cada curso será de 15 persoas. Os cursos terán unha duración de 75 horas.

Orde do 28 de febreiro de 1998 pola que se convocan cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega para o persoal das administracións públicas de Galicia (DOG núm. 62, do 1 de abril de 1998).

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, recollendo o que dispoñen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial de Galicia. Para facer efectivo o dereito dos cidadáns a usa-la lingua perante as administracións públicas, mándalle ós poderes públicos autonómicos que vaian capacitando progresivamente no uso do idioma galego ó persoal que traballa ó servizo da Administración pública e das empresas de carácter público en Galicia.

En virtude desta norma convócanse, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, os cursos de iniciación e de perfeccionamento en lingua galega en distintas cidades, reservándose o 75% das prazas para o persoal da Administración autonómica galega.

Orde do 4 de marzo de 1998 pola que se convocan encontros e actividades de formación e de intercambio de experiencias para os responsables e os compoñentes dos equipos de normalización lingüística, e para o profesorado en xeral, dos centros de ensino non universitario públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 62, do 1 de abril de 1998).

Entre as medidas que a Administración educativa está levando a cabo figuran a formación do profesorado en lingua galega e a constitución de equipos de normalización lingüística nos centros educativos. Estes equipos, actualmente regulados polo disposto nos decretos 324/1996, do 26 de xullo, e 374/1996, do 17 de outubro, teñen como función principal a de potencia-lo uso da lingua galega nos centros de ensino non universitario, e son os encargados de elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos establecidos polo centro en relación coa normalización do idioma e a cultura de Galicia.

A finalidade destes encontros e actividades é a formación lingüística do profesorado, coa fin de conseguir-la progresiva utilización da lingua galega que os alumnos teñen do idioma galego.

### *Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo*

Orde do 12 de febreiro de 1998 pola que se convocan subvencións á edición discográfica galega (DOG núm. 35, do 20 de febreiro de 1998).

A política de subvencións ás iniciativas discográficas galegas —di o texto da orde— levada a cabo pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo leva xa anos colaborando na creación dunha infraestrutura empresarial, imprescindible para difusión da música realizada no noso país.

O florecemento creativo dos grupos, compositores e intérpretes atopa camiño aberto e seguro polo que encamiña-la súa produción, conseguindo o alto nivel que na actualidade está a acadar-la nosa música, podendo chegar ó recoñecemento, mesmo internacional, que no presente teñen moitos dos nosos creadores e intérpretes.

A contía de cada subvención non poderá supera-la cantidade de trescentas mil pesetas por disco, casete ou disco compacto, consistindo no equivalente ó 75% do prezo de venda ó público (sen iva) dun máximo do 20% dos exemplares editados, segundo os datos que constan no documento de autorización de produtores fonográficos, debidamente dilixenciado pola Sociedade General de Autores de España.

Orde do 12 de febreiro de 1998 pola que se convocan subvencións a particulares, asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais (DOG núm. 35, do 20 de febreiro de 1998).

Xustifica a Consellería, no preámbulo desta orde, a súa política de subvencións «polo forte enraizamento que o asociacionismo cultural ten en Galicia». As múltiples asociacións existentes —segue a dicir— veñen realizando un labor de creación e potenciación cotiá da cultura nos seus máis variados campos, así como actividades de recuperación da memoria histórica cultural no ámbito territorial onde están asentadas, contribuíndo coas súas actuacións ó acceso á cultura da poboación galega.

## I.5. PAÍS VALENCIÀ

Ernest GONZÀLEZ FABRA

Tècnic de la Generalitat Valenciana

No seria estrany que aquesta sección valenciana de la REVISTA DE LENGUA I DRET desaparega en els pròxims números si continua la manca de previsions de contingut lingüístic en la normativa autonòmica. Tota l'activitat política i administrativa relacionada amb la llengua catalana s'esgota amb el debat sobre la seua naturalesa, ortografia i quatre o cinc elements del seu lèxic. És evident que, al Govern valencià, no li interessa el foment de la llengua dels valencians i que, a més, fug de qualsevol actuació que es